Deputación DA CORUÑA
www.dacoruna.gal
BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA
D.L.: C-1-1958
BOP
BOLETÍN OFICIAL DE LA PROVINCIA DE A CORUÑA
MÉRCORES, 4 DE NOVEMBRO DE 2026 | MIÉRCOLES, 4 DE NOVIEMBRE DE 2026 | BOP NÚMERO 211

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Promoción Económica, Emprego e Comercio

Convocatoria e bases de selección reguladoras do proceso de contratación de seis traballadoras, como persoal laboral, ao abeiro da subvención concedida pola Consellería de política social e igualdade da Xunta de Galicia, anualidade 2026

CONVOCATORIA E BASES DE SELECCIÓN REGULADORAS DO PROCESO DE CONTRATACIÓN DE SEIS TRABALLADORAS, COMO PERSOAL LABORAL, AO ABEIRO DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA POLA CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE DA XUNTA DE GALICIA, ANUALIDADE 2026, PARA O FOMENTO DA CONTRATACIÓN DE MULLERES QUE SOFREN VIOLENCIA DE XÉNERO

PRIMEIRA. Obxecto

O obxecto desta convocatoria é regular o proceso de selección e contratación laboral temporal de seis (6) traballadoras ao abeiro da convocatoria do ano 2026 das subvencións destinadas ao fomento da contratación de mulleres que sofren violencia de xénero no ámbito de colaboración coas entidades locais galegas, no marco do Pacto de Estado contra a violencia de xénero, prevista na Orde do 18 de decembro de 2025 da Consellería de Política Social e Igualdade.

Os postos de traballo que se van cubrir son os seguintes:

Nº traballadoras	Posto	Grupo / titulación	Duración	Xornada
1	Técnica administrativa de apoio	A2– Titulación universitaria	12 meses	100 %
2	Administrativas de apoio	C1 – Bacharelato ou equivalente	12 meses	100 %
2	Auxiliares administrativas de apoio	C2 – ESO ou equivalente	12 meses	100 %
1	Uxier de apoio	Agrupacións profesionais (AP) – Sen titulación exixida (Estudios primaries)	12 meses	100 %

1.1 Contratación

O Concello de Santiago de Compostela formalizará por escrito, no modelo oficial correspondente, os contratos das mulleres que fosen seleccionadas e consten como tales nas actas do tribunal de selección.

A modalidade contractual será CONTRATO DE TRABALLO TEMPORAL coas cláusulas específicas de contratos para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral (código 405, tempo completo), a xornada completa e cunha duración de 12 meses.

Retribucións brutas mensuais, incluída a prorrata de pagas extraordinarias, conforme ao informe de custos de persoal:

Posto	Retribución bruta mensual
Técnica administrativa de apoio	2.354,35 €
Administrativas de apoio	1.766,36 €
Auxiliares administrativas de apoio	1.530,84 €
Uxier de apoio	1.444,29 €

1.2 Funcións

As tarefas asignadas non substitúen postos de carácter estrutural. Enmárcanse en actividades e programas municipais con obxecto e duración pechada, actualmente en execución na Concellaría de Dereitos e Servizos Sociais, Promoción Económica, Comercio e Xuventude, tales como o Programa Integrado de Emprego (PIE), o Programa Minerva ou outras actuacións municipais de duración determinada.

Número de anuncio 2026/7089

Enténdese por tarefa de apoio aquela de carácter auxiliar e complementario respecto da desenvolvida polo persoal municipal, que non comporta a titularidade dun procedemento nin a sinatura de actos, e que se presta en actuacións de duración determinada.

En todo caso, as persoas contratadas estarán supervisadas por persoal funcionario ou laboral fixo do Concello, que asumirá a responsabilidade técnica e a sinatura dos actos administrativos correspondentes. A colaboración das traballadoras contratadas limitarase ás tarefas materiais e de apoio que se detallan a continuación, sen asunción de competencias resolutorias nin de tarefas de carácter permanente:

- **Técnica administrativa de apoio**
  - o Colaboración temporal na organización de arquivos e documentación de proxectos subvencionados.
  - o Apoio puntual na elaboración de informes ou memorias de actividades sociais.
  - o Revisión documental ou tarefas auxiliares de control de calidade administrativa dentro de programas concretos.
  - o Participación en campañas informativas ou eventos municipais puntuais.
- **Administrativas de apoio**
  - o Apoio en tarefas de atención cidadá en campañas específicas.
  - o Xestión de rexistros temporais e arquivo de documentación asociada a proxectos financiados ou de duración limitada.
  - o Apoio a departamentos na distribución de material informativo ou na organización de actividades puntuais.
- **Auxiliares administrativas de apoio**
  - o Colaboración en tarefas básicas de oficina como fotocopiado, escaneo ou entrega de documentación.
  - o Apoio loxístico en xornadas, tarefas de atención cidadá, talleres ou eventos municipais.
  - o Clasificación e organización temporal de arquivos non permanentes.
- **Uxier de apoio**
  - o Apoio na recepción de visitantes en actividades ou eventos municipais non continuos.
  - o Acompañamento de persoas usuarias a dependencias municipais no marco de programas específicos.
  - o Apoio á loxística de espazos durante actividades temporais (por exemplo, organización de cadeiras, sinalización ou repartición de material).

A persoa responsable do servizo velará, durante toda a vixencia dos contratos, para que as tarefas efectivamente desempeñadas se correspondan coas descritas nestas bases e non deriven, de feito, en funcións de carácter estrutural ou permanente. Ao remate dos contratos emitirá un informe sobre as tarefas efectivamente desempeñadas e a súa adecuación ao previsto nestas bases.

Rematada a duración de 12 meses prevista, non se procederá, en ningún caso, á concatenación ou prórroga destes contratos nin á subscrición de novos contratos temporais para o desempeño das mesmas funcións coas mesmas persoas, sen prexuízo do disposto na normativa laboral vixente en materia de sucesión de contratos.

SEGUNDA. Requisitos xerais das aspirantes

Segundo o artigo 6 da Orde do 18 de decembro de 2025, "as persoas destinatarias finais das subvencións reguladas nesta resolución serán as mulleres que sofren violencia de xénero, incluídas as mulleres vítimas que padeceran violencia vicaria e mulleres vítimas de trata con fins de explotación sexual inscrita como demandante de emprego ou como mellora de emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia". A violencia de xénero deberá estar acreditada por calquera das formas previstas no artigo 5 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

Polo tanto, as aspirantes deberán ser vítimas de violencia de xénero, incluídas as mulleres que padecesen violencia vicaria e as mulleres vítimas de trata con fins de explotación sexual e/ou vítimas de explotación sexual, e reunir os seguintes requisitos:

1. Estar inscritas como demandantes de emprego, independentemente da súa situación laboral, no Servizo Público de Emprego de Galicia.
2. Ter cesado a relación de convivencia co agresor.
3. Acreditar a situación de violencia a través de calquera das seguintes formas (artigo 5 da Lei 11/2007):
   a. Certificación da orde de protección ou da medida cautelar, testemuño ou copia autenticada polo/a letrado/a da Administración de xustiza da propia orde de protección ou da medida cautelar.

Número de anuncio 2026/7089

b. Sentenza de calquera orde xurisdicional que declare que a muller sufriu violencia de xénero, ou documento xudicial que declare que a muller é vítima de trata de seres humanos con fins de explotación sexual e/ou explotación sexual.

c. Informe dos servizos sociais e/ou sanitarios da Administración pública autonómica ou local no que se recolla a condición de vítima de violencia de xénero.

d. Informe dos servizos de acollida da Administración pública autonómica ou local no que se recolla a condición de vítima de violencia de xénero.

e. Informe do Ministerio Fiscal que indique a existencia de indicios de violencia e/ou de trata con fins de explotación sexual e/ou explotación sexual, auto de apertura de xuízo oral ou documento equivalente no que conste a existencia dos ditos indicios.

f. Informe da Inspección de Traballo e da Seguridade Social.

g. Informe das forzas e corpos de seguridade que indique a existencia de indicios claros de trata con fins de explotación sexual e/ou explotación sexual.

En todo caso, a documentación acreditativa da situación de violencia de xénero debe estar emitida ou asinada nos 24 meses anteriores á data na que a Consellería notifique ás entidades locais que as candidatas seleccionadas cumpren os requisitos da Orde, segundo o seu artigo 8.4.

Ademais, as aspirantes deberán reunir e acreditar os seguintes requisitos xerais:

- Ter nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, respecto do acceso ao emprego público de nacionais doutros Estados.
- Posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas habituais do posto ao que aspira. Non padecer enfermidade nin estar afectada por ningunha limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións. As persoas con discapacidade deberán achegar certificación do organismo correspondente, facelo constar na instancia e indicar se precisan adaptacións para a realización das probas.
- Ter cumpridos os 16 anos e non exceder, se é o caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- Non estar separada, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin estar en situación de inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial. No caso de ser nacional doutro Estado, non ter sido inhabilitada, ou en situación equivalente, nin ter sido sometida a sanción disciplinaria, ou equivalente, que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.
- Non estar incursa en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade, conforme á normativa vixente.
- Ser convocada polo Servizo Público de Emprego de Galicia: figurar na sondaxe remitida pola Oficina de Emprego de Santiago, correspondente á oferta de emprego presentada polo Concello, na categoría profesional á que se pretende optar e cos requisitos específicos exixidos.

Non poderán participar nesta convocatoria as persoas que estiveran contratadas polo Concello de Santiago durante máis de vinte e catro (24) meses nun período de trinta (30) meses, sumada a totalidade ou parte do tempo desta contratación, con ou sen solución de continuidade, para o mesmo ou diferente posto de traballo, mediante dous ou máis contratos temporais, na mesma ou diferente modalidade contractual, aos efectos do previsto no artigo 15.5 do texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro.

Todos os requisitos deberán posuílos as aspirantes tanto no momento da selección como no da formalización do contrato como persoal laboral temporal do Concello de Santiago.

TERCEIRA. Preselección de aspirantes

De conformidade co artigo 8 da Orde do 18 de decembro de 2025, para a selección das aspirantes o Concello de Santiago contactará coa Oficina de Emprego asignada e presentará a correspondente oferta de emprego a partir da publicación desta convocatoria e bases no Boletín Oficial da Provincia, solicitando unha relación de candidatas segundo os requisitos de perfil profesional precisos para os postos desta convocatoria.

A selección definitiva das traballadoras realizarase entre as candidatas que remita o dito organismo. Non se admitirá ningunha candidata que non sexa preseleccionada e convocada polo Servizo Público de Emprego. Unha vez recibida a relación de candidatas, o Concello de Santiago contactará con elas para verificar o seu interese en participar no programa.

Número de anuncio 2026/7089

CUARTA. Publicidade

1. Unha vez publicadas no Boletín Oficial da Provincia, as bases do proceso de selección estarán a disposición das persoas interesadas na páxina web municipal (www.axencialocaldecolocacion.org).
2. Os anuncios do procedemento de selección publicaranse no taboleiro de anuncios e na páxina web da Axencia Local de Colocación do Concello.

QUINTA. Contido e desenvolvemento do proceso selectivo

O proceso de selección das candidatas, unha vez remitidas pola Oficina de Emprego, realizarase en dúas fases.

a) Primeira fase: entrevista persoal (máximo 5 puntos)

Consistirá nunha entrevista persoal ás candidatas para valorar a súa predisposición (actitude e motivación) para o desenvolvemento do posto ofertado, as competencias (aptitude e capacitación) para o dito desenvolvemento e a empregabilidade das persoas preseleccionadas pola Oficina de Emprego. Para iso, o tribunal fará unha serie de preguntas para valorar a predisposición e as competencias que se consideran necesarias para acceder ao posto. A puntuación mínima para pasar á fase de baremación das circunstancias sociais e formativo-laborais é de dous puntos e medio (2,5).

Ítems que se valoran	Puntuación máxima
Predisposición: actitude e motivación	2
Competencias: aptitude e capacitación para o posto	2
Empregabilidade	1

A cualificación desta fase obterase sumando as puntuacións outorgadas por cada membro do tribunal a cada aspirante e dividindo a suma polo número total de membros do tribunal. O cociente resultante será a puntuación da aspirante na entrevista.

b) Segunda fase: valoración de criterios sociais e formativo-laborais

Dado o programa do que se trata, o colectivo ao que se dirixe e as súas características especiais, nesta fase valoraranse os criterios sociais e os criterios formativo-laborais das candidatas.

Criterios sociais (ata 8 puntos):

Criterio	Acreditación	Puntos
Carecer de rendas	Informe de vida laboral e certificados negativos de percepción de prestacións da Seguridade Social e do SEPE	4,00
Perceptora da prestación periódica para vítimas de violencia de xénero	Resolución favorable de concesión	2,00
Perceptora da RISGA con proxecto de inserción de carácter laboral	Informe dos servizos sociais	2,00
Maior de 45 anos	–	2,00
Cargas familiares: 1 persoa a cargo / 2 / 3 / 4 ou máis	Certificado de convivencia	1,00 / 1,50 / 2,00 / 3,00 (ata 3,00)

Criterios formativo-laborais (ata 10 puntos):

1. **Certificados de profesionalidade** directamente relacionados coa ocupación: 0,25 puntos por certificado, ata un máximo de 1,00 punto. Acreditaranse mediante o certificado, diploma ou título correspondente.
2. **Formación complementaria:** cursos de especialización e formación continua en materias relacionadas coas funcións do posto, ata un máximo de 4,00 puntos:
   - o Cursos de 30 a 49 horas: 0,10 puntos (máximo 1,00).
   - o Cursos de 50 a 99 horas: 0,20 puntos (máximo 1,00).
   - o Cursos de 100 a 500 horas: 0,30 puntos (máximo 1,00).
   - o Cursos de máis de 500 horas: 0,50 puntos (máximo 1,00).

   Acreditaranse mediante certificación, diploma ou título. Só se valorará a formación convocada, impartida ou homologada polas administracións públicas, universidades, colexios profesionais, organizacións sindicais e cámaras de

Número de anuncio 2026/7089

comercio. Non se valorarán os cursos nos que non se especifiquen as horas de duración ou o número de créditos. Cando o documento especifique a duración en créditos, sen indicar outra cousa, 1 crédito equivalerá a 10 horas e 1 crédito ECTS a 25 horas.

3. **Experiencia profesional** en tarefas directamente relacionadas co posto convocado: 0,10 puntos por mes na Administración pública ou na empresa privada, ata un máximo de 5,00 puntos. Acreditarase mediante vida laboral actualizada e copia do contrato de traballo ou certificado de empresa; no caso de traballadoras autónomas, copia do contrato de servizos e alta no réxime correspondente da Seguridade Social; no caso de traballadoras públicas, certificación da Administración na que prestou servizos, co posto desempeñado e o cómputo total de días, meses ou anos traballados.

As persoas preseleccionadas pola Oficina de Emprego e interesadas en participar nesta convocatoria deberán presentar a instancia de solicitude e de méritos alegados conforme ao modelo do anexo 1, acompañada da documentación necesaria para acreditar os criterios sociais e formativo-laborais. Poderán presentala directamente na Axencia Local de Colocación do Concello de Santiago de Compostela, de 9:00 a 14:00 horas.

SEXTA. Tribunal cualificador

1. O tribunal encargado da selección estará integrado por cinco (5) membros: presidente/a, secretario/a e tres vogais.
2. A selección das traballadoras realizaraa un grupo mixto constituído a tal fin por representantes da Concellaría de Emprego do Concello de Santiago e polo titor/a de referencia e a persoa técnica de ofertas da correspondente oficina de emprego.
3. A composición nominal do tribunal axustarase ao disposto no artigo 60 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, e aprobaraa [o órgano competente conforme ao acordo de delegación da Xunta de Goberno Local do 19 de outubro de 2026, a confirmar], con publicación na páxina web da Axencia Local de Colocación.
4. O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de, polo menos, tres dos seus membros.
5. Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, e comunicarllo á autoridade convocante, cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público. As persoas interesadas poderán promover a súa recusación de acordo co artigo 24 da mesma lei.
6. O tribunal resolverá por maioría de votos dos membros presentes todas as dúbidas e propostas que xurdan na aplicación destas bases. Estará facultado para resolver as cuestións que se susciten durante a valoración dos méritos e para adoptar as medidas necesarias para garantir a debida orde do proceso en todo o non previsto nestas bases. Os seus acordos serán impugnables nos supostos e na forma establecidos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
7. O tribunal poderá dispoñer a incorporación de asesores especialistas, con voz e sen voto, cando a natureza ou as circunstancias así o aconsellen. Os asesores limitaranse a prestar a súa colaboración nas súas especialidades técnicas.

SÉTIMA. Cualificacións e proposta do tribunal

1. Por cada aspirante, o tribunal cubrirá unha ficha individual de puntuación, que se incorporará como anexo á acta correspondente, coa seguinte estrutura:
   - o Entrevista persoal: puntuación en predisposición (0-2), competencias (0-2) e empregabilidade (0-1), e puntuación total resultante.
   - o Criterios sociais: puntuación en cada concepto da base QUINTA.b) (carencia de rendas, prestación por violencia de xénero, RISGA, maior de 45 anos e cargas familiares), con indicación do documento acreditativo no que se apoia.
   - o Criterios formativo-laborais: puntuación en certificados de profesionalidade, formación complementaria e experiencia profesional, con indicación do documento acreditativo de cada un.
   - o Puntuación total, resultante da suma de todos os apartados.

   As fichas individuais de todas as aspirantes formarán parte da acta, que deberá ir asinada por todos os membros do tribunal presentes na sesión, con indicación expresa dos seus nomes e apelidos.
2. Finalizada a entrevista e a valoración dos criterios sociais e formativo-laborais, o tribunal fará pública a relación provisional de aspirantes que superaron o proceso selectivo, coa cualificación de cada unha.
3. As candidatas disporán dun prazo de dous (2) días hábiles para formular as reclamacións que consideren oportunas. Transcorrido ese prazo, a relación elevarase a definitiva e publicarase a acta final de selección.

Número de anuncio 2026/7089

4. A cualificación final será a suma das puntuacións obtidas na entrevista persoal e na valoración dos criterios sociais e formativo-laborais. En caso de empate, resolverase atendendo a: 1º) maior puntuación nos criterios sociais; 2º) maior puntuación na entrevista; 3º) maior puntuación nos méritos formativo-laborais. Se persiste o empate, resolverase mediante unha proba que decidirá o tribunal.
5. O tribunal elevará a relación a [o órgano competente conforme ao acordo de delegación da Xunta de Goberno Local do 19 de outubro de 2026, a confirmar], coa proposta de contratación das candidatas que obtivesen a maior puntuación final.
6. As persoas seleccionadas remitiranse á Secretaría Xeral da Igualdade (Subdirección Xeral para o Tratamento da Violencia de Xénero) para comprobar que cumpren o requisito de pertenza ao colectivo ao que se dirixe este proceso selectivo. A persoa que non obteña a validación da Subdirección Xeral non poderá ser contratada; nese caso, formularase proposta adicional a favor da candidata que a siga na orde de puntuación.
7. As persoas seleccionadas que non se presenten o día no que sexan convocadas para a sinatura do contrato, agás nos casos de forza maior, non poderán ser contratadas. Nese caso, formularase proposta adicional a favor da candidata que as siga na orde de puntuación.
8. Coas aspirantes que superen o proceso pero non resulten seleccionadas, por orde descendente de puntuación, o tribunal elevará proposta para formar unha lista de reserva para cubrir posibles renuncias, baixas, vacantes temporais ou circunstancias sobrevidas durante o desenvolvemento do programa.

OITAVA. Incompatibilidades

O réxime de incompatibilidades será o previsto na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, e no seu regulamento de desenvolvemento.

NOVENA. Carácter vinculante das bases

As bases desta convocatoria vinculan a administración municipal, o tribunal cualificador e as aspirantes que participen no proceso selectivo.

DÉCIMA. Incidencias

O tribunal cualificador queda facultado para interpretar as bases da convocatoria e para resolver cantas dúbidas e incidencias presente a súa aplicación, e poderá adoptar os acordos necesarios para a boa orde e o desenvolvemento do proceso selectivo.

DÉCIMO PRIMEIRA. Réxime xurídico

O proceso selectivo regularase polo disposto nestas bases e, no non previsto nelas, polo establecido na lexislación vixente que resulte de aplicación. As bases da convocatoria e cantos actos administrativos deriven delas e das actuacións do tribunal poderán ser impugnados nos casos e na forma establecidos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. A Administración local tamén poderá, se é o caso, revisar as resolucións do tribunal conforme ao previsto na citada lei.

En Santiago de Compostela a vintenove de outubro de 2026

Asinado: Goretti Sanmartín Rei

Alcaldesa do Concello de Santiago de Compostela

Número de anuncio 2026/7089

ANEXO 1. Instancia de presentación de méritos

PROGRAMA MUNICIPAL DE CONTRATACIÓN TEMPORAL PARA O FOMENTO DA CONTRATACIÓN DE MULLERES QUE SOFREN VIOLENCIA DE XÉNERO DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA 2026

Nome	
Apelidos	
DNI	
Data de nacemento	
Enderezo	
Teléfono	
Correo electrónico	
Posto ao que se opta	

DECLARO:

- Reunir os requisitos sinalados nas bases reguladoras do proceso de selección para a contratación de persoas ao abeiro do programa municipal de contratación temporal para o fomento da contratación de mulleres que sofren violencia de xénero do Concello de Santiago de Compostela 2026.
- Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas habituais do posto, e non padecer enfermidade nin estar afectada por ningunha limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións.
- Non estar separada mediante expediente disciplinario do servizo de calquera Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparme en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparme inhabilitada ou en situación equivalente nin ser sometida a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no meu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.
- Non estar incursa en ningunha das causas de incompatibilidade do persoal ao servizo das administracións públicas determinadas pola lexislación vixente.

Así mesmo, AUTORIZO a Administración actuante para tratar os meus datos persoais para o desenvolvemento do proceso selectivo, para acceder ao certificado de convivencia co obxecto de valorar a unidade familiar e para solicitar ao SEPE o certificado de situación de desemprego.

Santiago de Compostela, ____ de _____ de 2026

Asdo.: _____

SRA. ALCALDESA DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

2026/7089

Número de anuncio 2026/7089